

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE
EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV Nº 188

INFORME

Aproveitamento dos recursos espaciais e ambientais da escola

MONTSERRAT MORALES

A importancia e a necesidade dun mellor emprego e transformación do espazo escolar ven dada polo feito de que é no espazo onde se constitúen os aspectos sensorio-motores, socio-afectivos, intelectuais... e é no espazo onde se leva a termo parte do proceso de socialización e de estruturación da personalidade do individuo.

Esto faínos pensar que hemos de ser moi conscientes do tipo de espazo que propoñemos aos nenos.

En principio, sempre é desexabel apropiarse do lugar onde se fan actividades importantes da nosa vida, máis aínda cando o lugar é a escola. Efectivamente, para que se dea de forma satisfactoria o diálogo entre o neno e que o arroea ten que haber unhas condicións básicas.

O organismo é receptor de numerosos estímulos e a súa ausencia no momento xusto e adecuado limita e imposibilita este diálogo, pois que os estímulos teñen un valor fundamental:

-Informadores: ao recoller as informacións do mundo exterior a través dos sentidos.

-Formadores: ao axudar á adquisición das diferentes noções, á construción do coñecemento e á configuración da organización e da orientación.

Desde a pedagogía tradicional onde só había unha transmisión verbal desde un lugar prominente, ás pedagogías chamadas activas hai un grande chouto.

Compre ter presente que a estrutura e os elementos que configuran o espazo escolar comunican sempre unha mensaxe global que se está a transmitir a nivel humano-pedagógico. O educador, entón, non se pode conformar co espazo tal e como lle ven doado; ha de incidir nel, transformalo, persoaloizalo... e chegar a apropiarse do espazo onde desenvolve o seu labor.

Compre, xa que logo, que o educador sexa sensible ás características e cualidades do espazo para que poida ser capaz de modifica-lo e transforma-lo no "lugar" máis axeitado para cada un dos momentos e necesidades, chegando a criar entornos que:

-faciliten a realización de diferentes actividades,

-posibiliten o correcto desenvolvemento armónico,

-favorezan a apropiación, de xeito que cada neno poida atopar o seu lugar.

Definiremos o entorno escolar como o resultado da interacción entre os sistemas naturais onde está ubicada a escola e os sistemas sociais que configuran cada comunidade escolar completa (contexto socio-cultural, económico, tendencia pedagógica...).

Esta interacción diaria e continuada é a que vai dando categoría de "lugar" ao todo glogal que é a ESCOLA. É certo que hai condicións establecidas previamente e que poden ser difíciles de transformar, mais hai toda unha outra serie de elementos con máis posibilidades de transformación e que poden ser adaptados polo grupo que os emprega.

Comprirá por parte dos ensinantes o senti-la necesidade de transformar o espazo en función do que se desexe facer, que non é só unha transmisión unidireccional de coñecementos; tamén ter unha sensibilización suficiente a respecto dos



MAGAR

A estruturación e os elementos que configuran o espazo escolar comunica sempre unha mensaxe.

aspectos de satisfacción vital (temperatura, illamento, ventilación, luz, cor, visibilidade, son, intimidade, densidade espacial e social...) xa que están intimamente relacionados coa calidade do "lugar".

Cráterios para mellorar o espazo

Ao falar da calidade do espazo escolar da primeira infancia, pódense establecer tres cráterios fundamentais:

-as necesidades dos diferentes usuarios nos diferentes momentos evolutivos;

-as actividades a realizar para favorecer o desenvolvemento armónico;

-as características que haberían de ter os espazos escolares, en función das necesidades dos usuarios e das actividades a realizar.

O neno sae da súa familia para integrarse no espazo que lle é novo. Por elo, comprirá, en principio unha certa continuidade entre o espazo familiar e o escolar, de xeito que uns elementos cotiáns que lle son próximos e teñen un valor afectivo importante, aparezan no novo entorno como elementos referenciais que lle facilitan ao neno o paso dun lugar a outro, aínda que simultaneamente se lle introduzan novas formas de uso e novas consignas de actuación. Isto favorecerá a continuidade da vivencia do neno, ao ter un punto de partida para establecer novas e máis complexas relacións co seu entorno.

Necesidades dos usuarios a respecto do espazo en función do momento e proceso evolutivo

Entre as necesidades plenamente imbricadas temos:

-as físico-biolóxicas: protección, repouso, hixiene, alimentación;

-as físico-motrices: desprazarse, manipular, actuar;

-as sico-afectivas: puntos de referencia, risco, seguridade, autonomía, independencia, senso da pertencencia, orde, armonía...;

-as sico-sociais: indentificación, relación, comunicación, participación;

-as intelectuais: experimentar, descubrir, transformar, coñecer, criar...;

Como consecuencia directa das diferentes necesidades xurden as diversas actividades: de movemento, de expresión, de interacción co entorno (experimentar, confrontar, manipular, observar...).

Endali que se precisen espazos seguros e confortábeis, onde o neno se sinta a gusto, que poida sentir a proximidade do adulto, ben sexa por contacto directo, visual, a través da voz ou ben con puntos de referencia fixos. Espazos favorecedores da adaptación gradual, facilitadores das relacións sociais positivas e posibilitadores da integración criadora, da descuberta e da reflexión; lugares ricos de configuracións e cualidades de materia estimulantes.

Este entorno permitiralle ao neno estar tranquilo ou activo, isolarse ou reagruparse, moverse ou repousar, á vez que lle permitirá ao adulto dirixir e suxerir, estimular e protexer, acoller e dar liberdade. Aspectos referentes ao espazo interior.

Os espazos grandes son necesarios en moitos momentos; agora ben, un espazo demasiado grande pode desorientalo neno e pode facelo sentirse seguro.

A forma do espazo debe permitir unha boa supervisión de todo o lugar por parte do adulto, suscitando diversas actividades por parte dos nenos.

O neno deberá atoparse nun espazo agradable, tendo a sensación de pertencencia, porque ali ten obxectos a súa medida, cousa que suscitará nel a participación e o interés.

A cor habería de ser escollida en función do emprego dos espazos, frecuencia do uso e de como seña de grande a superficie a pintar. A cor pode axudar a identificar rincóns ou lugares de actividades.

A luz natural estará relacionada coas aperturas: fiestras, portas, etc. Permitiralle entrar ao neno en contacto co mundo exterior e establecer a relación dentrofora. A luz artificial e a súa cantidade dependerán do sistema de alumeadamento e

da dispersión e uniformidade da luminosidade ambiental.

A temperatura ambiente na escola ha de axudar ao confort físico, tendo presente que tanto se realizan actividades de movemento como outras máis tranquilas.

O control acústico é importante. A interferencia de sons pode provocar irritabilidade, distracción ou cansaia. O nivel de ruído ambiental aceptabel pode determinarse pola capacidade de entenderse facilmente cando se fala nun tono normal de voz.

Os materiais han de armonizar co resto dos elementos do entorno; compre que non señan tóxicos e que reúnan as suficientes medidas de seguridade, fácil limpeza e bó mantemento.

Finalmente, o espazo debe ser flexible: con posibilidade de agrandarse, con posibilidade usos múltiples e de cambio.

A estruturación do espazo

A distribución, uso e organización do espazo dispoñible pode facerse segundo a característica da actividade: zonas de actividades tranquilas (observación, repouso, lectura)...; semitránsquilas, movidas e ruidosas... Tamén pode organizarse o espazo polo tipo de actividade; é dicir, cada unha das actividades comporta un tipo de aprendizaxe concreto e implica un material e un espazo específico: espazos de actividades motoras; de construción, manipulación e transformación; de presión e criación; de comunicación; de observación; espazos para actividades lúdicas e de representación, etc.

Este tipo de organización comporta distintas vantaxes: simultaneidade na realización; estímulo á cooperación entre as diferentes actividades e aprendizaxes; facilitación do control por parte dos adultos sen necesidade de intervencións moi rixidas.

En todo caso, a distribución dos espazos debe responder aos obxectivos do programa educativo de cada grupo ou de cada escola, a fin de satisfacer as necesidades específicas e de manter unha coherencia entre contidos e contenedores.

O espazo exterior, máis alá das posibilidades de expansión que supón para cada neno, debe permitirlle un contacto directo cos elementos do seu entorno natural (sol, aire, terra, plantas, auga, seres vivos...). Ao plantexarnos os espazos exteriores podémonos referir aos mesmos cráterios que temos empregado na estruturación dos espazos interiores. Compriran espazos con certa protección para os máis pequenos; presenza de puntos de auga; presenza de elementos transportábeis; de elementos estimulantes (montiños, pendentes...); de diferentes superficies; de elementos naturais... podéndose considerar como espazo mínimo o de 5,4m² para alumnos de ata sete anos.

En definitiva, todos os cráterios sinalados converxen cos obxectivos fundamentais da escola: contribuir ao desenvolvemento armónico do neno, permitíndolle proseguir o seu camiño persoal, enriquecer a súa capacidade de entrar en contacto cos outros e interaccionar co entorno.

(Traducción de Antón COSTA RICO, Guix 99 (1985))

El Fondo de Promoción de Empleo
amplía sus programas de actuación en el SECTOR INDUSTRIAL

Si es Vd. empresario de ese sector, ahora puede contratar en mejores condiciones.



7 nuevos programas y 5 centros de formación.

El nuevo empleo en la industria exige un alto nivel de cualificación. Los estudios realizados por el FONDO DE PROMOCION DE EMPLEO en tal sentido, han motivado la creación de 93 cursos distintos de formación especialmente en el área de las nuevas tecnologías.

La apertura de centros propios en Bilbao, Cádiz, Ferrol, Gijón y Vigo, y la actuación con entidades colaboradoras en otras zonas del País, nos otorga una elevada capacidad en este área.

Participación de empresarios en el diseño de nuevos cursos.

Las especiales características de algunas empresas del amplio sector industrial requieren trabajadores con conocimientos muy específicos. El FONDO DE PROMOCION DE EMPLEO, entendiendo que los empresarios son quienes mejor pueden definir sus propias necesidades, añade a sus programas base cursos específicos diseñados conjuntamente.

6.000 millones disponibles para primas de contratación.

Además de las ventajas de contratación de recursos humanos altamente cualificados, el FONDO DE PROMOCION DE EMPLEO favorece a las empresas contratantes con primas especiales, al contado, a fondo perdido y compatibles con las demás medidas de fomento de empleo vigentes.

Se amplía la red, se agiliza la gestión.

Para dar una respuesta más directa el FONDO DE PROMOCION DE EMPLEO cubre con sus 15 oficinas la casi totalidad de las regiones. Por otra parte, la mecánica de actuación establecida garantiza la agilidad de gestión y la facilidad de contacto deseables en una empresa de servicios.

Sin más trámites, llámenos.



FERROL **F** FUTURO



OFICINAS CENTRALES Glorieta de Cuatro Caminos, 6-7 Madrid
Teléf. 441 46 22

ANDALUCIA Puerto, 31 Huelva
Teléf. 25 07 84

ANDALUCIA Av. del Guadalete, s/n. Cádiz
Teléf. 26 34 00

ANDALUCIA
Avda Blas Infante, 4
Sevilla
Teléf. 45 00 22

ASTURIAS
Lliranes, 5
Gijón
Teléf. 34 03 90

CANTABRIA
Lealtad, 13
Santander
Teléf. 21 96 11

CATALUÑA
Gran Vía de les Corts Catalanes, 322
Barcelona
Teléf. 223 23 17

EUSKADI
Rodríguez Arias, 71
Bilbao
Teléf. 441 72 12

GALICIA
Condesa Casa Bárzana, 1
Vigo (Pontevedra)
Teléf. 41 97 55

GALICIA
Calle Real, 73-75
El Ferrol (La Coruña)
Teléf. 32 14 11

MADRID
Genova, 17
Madrid
Teléf. 410 40 13

NAVARRA
Emilio Arreta, 16
Pamplona
Teléf. 22 42 05

VALENCIA
Avda Blasco Ibañez, 51
Valencia
Teléf. 369 61 60

ACTUALIDAD

Primeiro Encontro Galego de Educadores pola Paz

M.B.R.

Convocado polo Grupo de Educadores pola Paz de NOVA ESCOLA GALEGA celebrouse en Panxón o 25 e 26 de Outubro un encontro de traballo, onde trinta e seis educadores, de tódolos niveis, chegados de diferentes lugares de Galicia debatiron, reflexionaron e intercambiaron experiencias sobre a educación para a paz.

As ponencias

O traballo do encontro estruturouse en función da discusión sobre as ponencias previamente presentadas: "Educación para a paz" (Rafael Grasa), "A integración da Educación para a paz nos currículos escolares" (Xesús R. Jares), e "Lingua e paz" (David Otero Fernández).

Os debates da primeira sesión do sábado xiraron en analísalos componentes e os diferentes enfoques que se dan actualmente na educación para a paz: a comprensión internacional, o estudo das relacións internacionais, a educación para o desenvolvemento, o estudo dos conflitos e o seu regulamento, a educación sobre a paz o desarme.

Especial controversia tivo a discusión sobre a educación para a desobediencia, que foi considerada maioritariamente non tanto coma unha actitude negativa, senón máis como unha posición cara a crítica e o diálogo.

Algúns asistentes, o analísalos componentes da E.P., chegaron cuestionarse o propio senso deste termo, porque na súa opinión, chega con cuestionalo modelo de escola e de sociedade.

No segundo dos debates, os asistentes ocupáronse de reflexionar sobre a consideración da E.P., como dimensión educativa. As ideas que se manexaron centráronse en recalcar que a E.P., como dimensión educativa afecta a toda a estrutura escolar, considerándoa como unha educación en valores, sociopolítica, non neutral. O papel do profesor plantexouse como fundamental de cara a rachar coa insensibilidade e cara a estimular nos alumnos a aprendizaxe a non ser indiferentes.

En canto ás formas de integración da E.P., nos currículos escolares tódolos asistentes coincidiron unánimemente en rexeita-la posibilidade de introducir unha asignatura de PAZ nos preprogramas. Valoráronse experiencias deste tipo, como a realizada en Noruega, que demostran que non por ter máis coñecementos sobre a paz varíanse as actitudes sobre ela.

Gran interese tivo a ponencia presentada sobre "Lingua e Paz", onde se remarcou que comprende actitudes positivas cara a utilización da lingua galega no ensino, véndose como necesaria unha planificación lingüística para cada centro.

Experiencias

Finalizados os debates sobre as ponencias, fóronse presentando as experiencias.

As coñecidas do Colexio Público García Barbón e do Instituto Castela de Vigo, uníronse esta vez as do Colexio Público Riomayor e as dos Concellos de Oleiros.

O C.P. Riomayor de Vilaboa, Pontevedra participa no Plan de escolas Asociadas da UNESCO, pretendendo aproveitar os contidos da EXB de cara a dirixilos ós obxectivos que se propón a pedagogía da paz. Para isto dentro do Plan de Centro inclúese a celebración de diferentes efemérides que constitúen eixo de traballo para toda unha semana: Día da Paz, Dos Dereitos Humanos, da árbore, do libro...

Dous representantes do Concello de Oleiros entusiasmaron ós asistentes coa presentación da súa experiencia de "Excursións ecoloxistas", cun componente fortemente naturalista. Nestas actividades que se veñen realizando de tres anos para acá, teñen participado 2.000 rapaces de diferentes idades, mesmo dándoselle gran importancia á participación de alumnos de preescolar e ciclo inicial. O Concello de Oleiros pretendía, con esta iniciativa, empregar tódolos seus recursos nunha actividade que integrase tódolos seus obxectivos educativos: educación integral, solidariedade, coñecemento inmediato do entorno natural, histórico e artístico.

Estas excursións non teñen un carácter bucólico, separado do ambiente real, senón que moi ó contrario, teñen un forte componente de estudo científico, e dunha toma de postura diante da vida, que estimule á vez o desenvolvemento da capacidade de análise e debate.

A colaboración dos grupos ecoloxistas, como "Naturez", "Hábitat", ou a Sociedade Galega de Historia Natural e fundamental para o desenvolvemento desta experiencia. A raíz destas excursións creouse en Oleiros o grupo Biotopo, formando por mozos e mozas da localidade, que realiza un programa de radio de temática medio-ambiental.

Xogos cooperativos

Entre os diferentes debates, no encontro realizáronse sesións de xogos cooperativos (o nó, o corraal, as sillas...), que axudaron a relaxa-lo ambiente, á vez que a reflexionar sobre as dificultades que plantexa nun grupo humano a cooperación.

Despois de realizados valorouse que os xogos cooperativos estimulan a cohesión, a confianza e o desenvolvemento de destrezas para unha interacción social positiva. Neste tipo de actividades os xogadores aprenden a compartir, a relacionarse cos outros, a preocuparse polos sentimentos dos demais. Tódolos xogadores deben axudarse, colaborando como un conxunto, no que todos son necesarios, e nos que se van modificando progresivamente as respostas competitivas e destrutivas por outras cooperativas e constructivas...

Elaboración de conclusións

Finalizáronse os traballos cunha sesión de debate onde se elaboraron unhas interesantísimas conclusións, que publicamos íntegras neste mesmo número.

En términos xerais pódese considerar este primeiro encontro como moi satisfactorio, cremos que pon as bases para un futuro movemento de educadores pola paz, a nivel de toda Galicia. Iniciativas como a creación dun centro de recursos sobre a paz, un circuito de correspondencia pola paz, e o quedar emprazados para celebra-lo II.º Encontro o próximo ano en Oleiros, supón que se puxeron unhas bases moi sólidas para impulsar este proxecto.

Conclusións do Primeiro Encontro Galego de Educadores pola Paz

1.ª Dada a situación de competitividade e violencia que impregna á sociedade en xeral e ó sistema educativo en particular.

Coñecendo a importancia das aprendizaxes na formación da personalidade humana desde a primeira infancia.

Convencidos de que a paz na súa acepción positiva de ampla xusticia e reducida violencia, directa e estrutural, é posible.

Concluimos, a sabendas das limitacións da escola, que é necesario e urxente impulsar programas de educación para a paz en tódolos niveis educativos e para tódalas idades. Asímismo faise un chamamento á introducción desta dimensión educativa nas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de EXB, Facultades de Pedagogía e demais carreiras con implicacións docentes.

2.ª A Educación para a Paz ten como obxectivo a formación de persoas solidarias, felices, críticas e pacíficas. Constitúe, xa que logo, unha educación en valores e non só un mero cambio curricular. Neste sentido coube suliñar que:

2.1. Compre distinguir entre unha educación **sobre** a paz (predominio da información) e unha educación **para** a paz, na que ademais dos aspectos cognoscitivos priman os afectivos e actuais.

2.2. A Educación para a Paz debe ser un modelo educativo que invite á acción, á participación crítica, a aprender desde pequenos a non ser indiferentes.

2.3. A Educación para a Paz parte do conflito como algo natural á existencia humana. Polo tanto, hai que enfocalos como problemas ós que cómpre buscar unha solución e orientalos cara a actividades socialmente útiles.

2.4. Desde a perspectiva da E.P., os medios non poden ser antitéticos cós fins perseguidos.

2.5. Resáltase a importancia do papel do profesor. A coherencia entre a forma de educar e a forma de vivir dos ensinantes,

constitúe un requisito imprescindible na educación para a paz.

3.º A Educación para a Paz como dimensión educativa que é, afecta a tódalas áreas e estrutura escolar, reiterándose a negativa á creación dunha asinatura máis. En consecuencia, a educación para a paz, ten que ser algo real, tanxible e cotía, incidindo desde a primeira infancia na aprendizaxe dos hábitos democráticos de conducta, da seguridade en si mesmos, e do amor polo que nos rodea, persoas, animais, plantas e cousas.

4.º Acórdase celebra-lo II.º Encontro Galego de Educadores pola Paz en Oleiros no 1.º fin de semana de Outubro de 1987, correndo coa organización o Concello de Oleiros e o Grupo de Educadores pola Paz de A Coruña.

5.º Acórdase editar un cartel-calendariado próximo ano 1987 coa convocatoria do II.º Encontro, para distribuír polas escolas e institucións educativas de toda Galicia. O Concello de Oleiros, por medio do seu ponente de Cultura, asume o custo económico desta conclusión.

6.º Acórdase crear un Centro de Recursos sobre a Paz, no Concello de Oleiros contando co seu respaldo económico e institucional. Este Centro de Recursos sobre a Paz servirá como lugar de intercambio, documentación e difusión, etc., de estudos e actividades sobre a educación para a paz.

7.º Acórdase establecer un circuito de correspondencia pola paz, tanto a nivel de profesorado, como de alumnos-as, entre escolas de Galicia e o resto do Estado.

8.º Acórdase impulsa-la difusión da celebración do DIA ESCOLAR POLA PAZ (30 de Xaneiro), como data específica de concienciación e reivindicación da paz nas escolas. Sempre tendo claro, que a Ed., para a paz non debe quedar reducida á celebración desta efeméride.

9.º Acórdase facer unha crítica seria e sen paliativos administración educativa tanto municipal -agás contadas excepcións- estatal e moi especialmente á que nos incumbe autonómica, polo seu absoluto abandono e ignorancia cara esta temática. Remata o ano 1986, Ano Internacional da paz, sen que as nosas autoridades se dignasen a apoiar e impulsar ós programas e grupos que traballaron pola Ed., para a paz. Non coube dúbida que o Ano Internacional da Paz convertiu en "pasotas" ós nosos gobernantes.

Concluimos, pis, que cómpre articular, desenvolver e levar á práctica o apartado "g" do artigo n.º 2 da LODE que propugna como finalidade da educación "a formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos".

10.º Acórdase facer un chamamento a todo o profesorado para que se sume a este proxecto educativo, realmente apaixonante e insoslaible. Asímismo, acórdase divulgar por tódolos medios de comunicación estas conclusións solicitando a participación e colaboración de todos.

MAXISTERICO

PEPE CARREIRO



ACTUALIDAD

La Consellería dispone de un borrador sobre la normativa

La jornada continuada, cuestión pendiente en nuestras escuelas

GUILLERMO CAMPOS

La posibilidad de implantación de la jornada continuada en la Educación General Básica, está pendiente de una regulación que compete a la Administración autonómica. La promulgación por parte del Ministerio de Educación, de una circular en la que se abría esa posibilidad en aquellas comunidades cuyas competencias en materia de Educación no han sido transferidas, despertó también cierto interés en Galicia, hasta el punto de que algunos centros cursaron solicitud en tal sentido a pesar de no afectar la disposición a esta comunidad, y, de hecho, en muchos claustros fue comentado y debatida la flexibilización de la jornada lectiva que permite la LODE. El equipo que ha cesado en la Consellería de Educación había elaborado un borrador de lo que sería la normativa reguladora para la implantación de la jornada continuada. La incógnita que aún representaba su contenido, se acentúa ahora con el advenimiento de nuevos responsables de esa cartera, lo que sitúa el tema en otro mareado compás de espera.

La circular del MEC

Fue a principios de septiembre, con el inicio de un curso escolar que representa la primera andadura de la LODE, cuando el Ministerio de Educación y Ciencia divulgó una circular del orden interno en la que, desarrollando aquél marco legal superior, abría la posibilidad de flexibilización de la jornada lectiva en los centros escolares, que puede ser aprobada por los directores provinciales del MEC a propuesta de los centros.

La jornada escolar habitual es de cinco horas lectivas, distribuidas en sesiones de mañana y tarde, de lunes a viernes, abriéndose la posibilidad de que se modifique tal reparto, parcialmente o durante todo el curso, y que por lo tanto se pueda establecer la llamada jornada única, es decir, la impartición de las cinco horas lectivas de clase seguidas, de 9 a 14 horas, por ejemplo.

Estableció el MEC como requisitos

que la solicitud que presentan los centros de Preescolar y EGB deberá incluir la aprobación del Consejo Escolar por mayoría absoluta de la totalidad de sus miembros y cuando la modificación solicitada suponga el establecimiento de la jornada lectiva en sesión única se requerirá, además, informe del claustro de profesores y de las asociaciones de padres del centro que estuvieran legalmente constituidos, además de imponer que los centros organizaran una consulta individualizada a los padres de los alumnos, y de especificar que en los centros públicos con servicios de comedor escolar, la solicitud de modificación, garantizan el mantenimiento de dicho servicio, salvo autorización expresa de la Dirección Provincial, cuyo titular queda facultado para aprobar o denegar las solicitudes valorando los efectos funcionales, pedagógicos y sociales de la misma, considerando los informes del servicio de Inspección Educativa y de las unidades responsables de programas de Educación Básica.

Solicitudes concretas

Partiendo de esta normativa, y aunque no afectaba a la comunidad autónoma galega, dos centros de la provincia de Pontevedra presentaron oficialmente solicitud para implantar la jornada escolar única durante este curso.

Primero lo hizo el colegio público de EGB de la ciudad infantil "Príncipe Felipe" cuyo director general, curiosamente, es el marido de la actual conselleira.

Todos los sectores de obligada consulta se pronunciaron favorablemente sobre la iniciativa de establecer la jornada única "de manera -argumentaron- que sin restarle al alumnado horas de clase, dispongan de más tiempo de convivencia familiar, al programarse sus actividades de forma que el ocio y el estudio no acorte las horas de descanso", apuntando otros factores "positivos, como las actividades extraescolares, o el ahorro

económico que supondría esta implantación para la Administración pública, al suprimirse el transporte escolar en la jornada de la tarde, en un centro como éste, en donde por sus características los alumnos tienen que realizar diariamente un largo recorrido en autobús". Otro sector del alumnado es interno, acogido al Hogar Provincial, lo que otorga a este centro un carácter especial, como también lo es la infraestructura de que dispone tanto de instalaciones deportivas y recreativas como de personal auxiliar tratándose de un amplio complejo escolar que funciona mediante convenio entre la Diputación y la Consellería de Educación.

Más ventajas

El segundo centro que solicitó la jornada única fue el C.P. "García Barbón" de Vigo, arropado por un amplio pronunciamiento favorable de la comunidad educativa.

Razonan la petición en criterios y efectos sociales y funcionales y en pedagógicos. En concreto, el área extensa en la que se distribuye el alumnado, repercute negativamente en el rendimiento escolar de un elevado porcentaje del mismo, "que tiene que desplazarse desde grandes distancias hasta el centro. La implantación de la sesión única tendría como consecuencia un menor número de desplazamientos que redundaría en un mayor aprovechamiento de la jornada lectiva". Como efecto funcional más importante, apuntan que con la implantación de la sesión única se aprovecharían las instalaciones para actividades extraescolares planificadas, tanto de tipo cultural como deportivo. Por otro lado estiman que el disponer de la tarde libre "permitirá a los alumnos un mayor relajamiento a la vez que la dedicación a actividades formativas extraescolares" además de argumentar que la jornada continuada estimula las relaciones y de hogar entre padres e hijos, permitiendo un intercambio de vivencias e inquietudes enriquecedor para unos y otros. Asegu-

ran que su experiencia docente "demuestra que el alumno alcanza un mayor rendimiento durante la jornada de mañana, incluidas las últimas horas".

Los "peros"

Estos proyectos y su planteamiento en otros claustros, despertaron inquietud en la comunidad educativa, lo que devino en reservas y opiniones menos estudiadas o cuando menos precautorias, como la reflejada por la Federación de APAS "Teucro" que "sin prejuicios sobre el sistema de jornada" consideraba hace un mes (ver FARO DE VIGO del 12 de octubre), que el tema es de la suficiente envergadura como para que sea necesario "un planteamiento multidireccional reposado, sistematizado y científico del mismo".

Antes de tomar la decisión se aconseja un estudio profundo de cada caso, apuntando que la dispersión de la población, la compatibilidad del horario entre padres e hijos, el lapsus que transcurre entre el desayuno y el almuerzo y los hábitos alimenticios, el nivel económico de las familias, el transporte escolar, el disfrute del tiempo libre, la influencia en el rendimiento escolar..., son facetas a estudiar detenidamente en cada colegio y la comunidad educativa que sirve.

De las consultas que hemos efectuado se deduce que la preocupación fundamental radica en la cobertura de actividades para las tardes, pues el vacío se considera más perjudicial que la jornada partida. En una comunidad con generalizadas deficiencias infraestructurales y de personal, los padres se muestran cautos si no se le garantizan medios para desarrollar las actividades que se contemplarían fuera de la jornada lectiva. La Consellería, hasta el momento, no se pronunció en relación con las dos únicas solicitudes formalmente cursadas. Con el nuevo equipo que se está conformando, se abre una página en blanco para la configuración futura de la jornada intensiva en nuestras escuelas.

LIBROS

Más poetas al alcance de todos

ANTONIO GARCIA TEJEIRO

- DAMASO ALONSO PARA NIÑOS. Edic. preparada por M.ª Asunción Mateo. Ilustr. Concha Martínez. Edic. de la Torre. Col. Alba y Mayo. 125 páginas.
- BLAS DE OTERO PARA NIÑOS. Edic. preparada por Concha Zardoya. Ilustr. Marina Seoane. Edic. de la Torre. Col. Alba y Mayo. 122 páginas.

Poner la poesía de los mejores poetas al alcance de los niños es una encomiable labor. Uno, que piensa que todos los buenos poetas pueden llegar a los niños, siente una enorme satisfacción de hallar de la línea marcada por Ediciones de la Torre. Cuando parece que editar poesía no es usual -supongo que porque no es negocio- uno se admira de la trayectoria seguida por la colección "Alba y Mayo". Los niños -y los no tan niños- pueden encontrar en estos libros, sencillos pero magníficamente editados, el goce inicial necesario para disfrutar de la poesía de forma definitiva y valorar lo que el verso significa de actitud humana ante la vida.

Libros muy bien estructurados -unas adecuadas introducciones a la vida y a la obra de los poetas, junto con cuidadas selecciones de sus versos- cuyo contenido consigue calar hondamente en el lector y le hace sentirse compañero y amigo del autor tratado. Las fotografías familiares



y personales, además de unas ilustraciones normalmente valiosas hacen de estos volúmenes algo entrañable y mágico.

Con Damaso Alonso, M.ª Asunción

Mateo vuelve a hacer un interesante trabajo. Y digo vuelve, porque interesantes son los libros dedicados a la vida y obra de G. Celaya y Rafael Alberti (éste último premiado en Venezuela). Tiene la autora de la edición un profundo conocimiento de todo lo relativo a Damaso y consigue -lo que no es fácil- poner ese conocimiento a la altura de los potenciales lectores, de una manera directa y sobre todo amena.

Así pues, con esa prosa viva, que denota un enorme cariño al poeta tratado, María Asunción va pasando revista a la vida de Damaso, no sólo ciñéndose a su biografía individual sino introduciendo ésta dentro de la época y la generación a la que pertenece. Lo anecdótico, sus viajes, su unión con Eulalia, el amor por la obra de Góngora, las relaciones con los compañeros del 27 y su enorme transcendencia en la lengua y literatura de nuestro país, entre tantas otras cosas, van apareciendo -junto a preciosos comentarios de cada uno de sus libros- a lo largo del volumen demostrando la admiración que la profesora valenciana siente por el maestro. Damaso aparece a los ojos del lector con unos valores literarios y humanos, que muchos desconocen de antemano.

No nos puede extrañar que, a partir de este libro, un buen puñado de niños lean con regocijo poemas tan bonitos en los

que pueden aparecer estrofas como las que siguen: "...La mejor puntería / te la aconsejo / si es que se pone a tiro / cualquier espejo. / Aún hay más divertido: / coge chinillas, / y con un tiragomas, / ¡a las bombillas!..."

¡Quién lo podría pensar del serio -en apariencia- Damaso Alonso! ¿No?

Termina Concha Zardoya su introducción a la vida y obra de Blas de Otero diciendo que "su poesía está empapada de vida y no de literatura. A Blas de Otero no le interesa el arte por el arte, aunque sea un maestro de la forma y de la expresión poética".


En efecto, pocos poetas podremos encontrarnos en la poesía española, tan desnudos en apariencia, pero con más carga e intensidad lírica que el bilbaíno. Una intensidad existencial, capaz de transmitir por medio de la palabra, sentimientos desbocados dentro de una vida tumultuosa e insatisfecha. Otero es comunicación, casi estremecedora, con a inmensa mayoría.

Su poesía es entre tantas cosas, mística, desarraigada, beligerante contra la injusticia. Sus objetivos buscan desesperadamente infundir paz y sosiego -a sí mismo también- a ese hombre que sufre, dejando en medio de todo una obsesión: España.

CONVERSA

Jesús Ballaz: todas las facetas de la literatura infantil

ANTONIO GARCIA TEJERO



Jesús Ballaz ARCHIVO

Jesús Ballaz es un navarro afincado en Barcelona desde hace ya bastante tiempo. Decir que es autor de obras infantiles es mucho y poco a la vez. Mucho, porque ha escrito un buen número de magníficos libros para niños y poco, porque dentro del campo literario ha desempeñado todo tipo de actividades: teatro, cómic, traducciones y crítica (como dice él "lo que cuadra mejor con lo que yo hago en este aspecto es lo que denomina animación lectora").

Ha obtenido también, unos cuantos, premios, justos reconocimientos a su valiosa labor literaria. En 1975 fue Premio Nacional, como guionista de cómic en revistas infantiles; en 1982 ganó el Premio Nacional de Literatura Infantil a la Mejor Labor de Traducción entre Lenguas Españolas y un año después se le concedió el Premio Nacional de Crítica sobre libros infantiles.

Como autor ha publicado obras interesantes como "Palcalto y los hombres extraordinarios" (Ed. Labor), "Una casa a la deriva" (Ed. La Galera), "Juanito Fuele" (Ed. Espasa Calpe), "El boquete" (La Galera) y recientemente acaba de aparecer "El barquero" (Ed. Escuela Española). Es además el autor de los textos del simpático personaje Ibai, en colaboración con M. Stijar que hace las ilustraciones (Timun Más). Ha hecho infinidad de versiones en lengua castellana de las obras de conocidos escritores catalanes para niños como Josep Vallverdú, M. Dolores Alibés, Joan Andreu o Enric Larreula entre otros.

Y desempeña una interesante labor crítica —como ya hemos dicho, animación lectora (denominación que comparto totalmente)— desde las páginas de la revista juvenil J. 20.

No cabe duda, pues, de la capacidad de este personaje para exponer sus puntos de vista sobre el momento actual de la literatura para chicos.

Con él mantuve una agradable conversación y, con la amabilidad que le caracteriza, fue contestando sin esquivar nada a todas las preguntas que le fui formulando.

P.—¿De dónde proviene tu interés por la narrativa infantil, Jesús? Porque tú eres una persona polifacética del campo de la literatura y el arte.

R.—El interés por la literatura lo he tenido siempre, aunque no he sido sólo lector de narrativa. Y el interés por lo infantil también me viene de lejos porque empecé mi vida profesional dando clase. Pero di muchos tumbos hasta que encontré las dos cosas juntas. Lo descubrí de la mano de Joan Barceló, un novelista catalán que murió muy joven. El era un auténtico animal literario. La particularidad de lo que me ha ocurrido a mí ha sido que he entrado en este campo por tres puertas casi al mismo tiempo: la traducción, la crítica (o la animación lectora, denominación que cuadra mejor a lo que yo hago) y la creación. Una cosa me ha llamado a la otra.

R.—Leo un ensayo de Lolo Rico y se me ponen los pelos de punta. Atiende: "Los libros para preescolares son, desde su concepción, una gran mentira; una mentira inútil..." ¿Qué piensas tú de los libros para niños en edad preescolar?

R.—No sé en qué contexto hace Lolo Rico esa afirmación. Pero yo haría una observación en la que pocas veces se piensa. Es importante en edad muy temprana la buena relación afectiva con objetos que han de ser importantes en la vida de uno. Además, yo creo que la temprana utilización de los álbumes ilustrados eleva el nivel de lenguaje de los niños, si los padres saben aprovechar este medio.

P.—Y ya que estamos metidos en zandajas. Dame tu opinión del apelativo "infantil" a la palabra literaria. Hay mucha gente radicalmente opuesta a esta denominación. ¿Es tan grave?

R.—Es un apelativo que todos detestamos, pero que todos seguimos utilizando. Pues, utilicémoslo sin más, no pasa nada. Lo que se quiere rechazar es que ese adjetivo añadido suponga una rebaja de la literatura. Pero yo creo que hay una literatura específica dirigida a los chicos, lo que no significa que necesariamente tenga que ser de segundo orden. Eso será la mala literatura infantil.

P.—Quiero ir un poco más lejos. ¿Ve tú diferencia entre literatura infantil y juvenil?

R.—Es cierto que hay unos ciertos niveles según la dificultad de lenguaje o la complicidad sintáctica o de la estructura de la narración... Pero ¿dónde se pone la raya? Eso ya es más complicado. En definitiva sólo la ha de poner el lector que va ganando posibilidades de lectura por el dominio del lenguaje y por el crecimiento de las inquietudes personales.

P.—¿Crees que el escritor en España escribe para los niños en un tono, hasta cierto punto, paternalista?

R.—Hay narradores que sí lo hacen, pero otros no. El número de estos últimos es creciente.

P.—¿Qué valores tratas de transmitir tú, a la hora de crear un cómic, escribir un relato o construir una obra de teatro?

R.—Yo "escribo para que me quieran", como decía García Márquez. Que es lo mismo que decir que escribo para que me lean, para que le guste al lector y disfrute leyendo.

Eso es irrenunciable en la literatura, que es un arte y por tanto algo referente al placer y a la gratuidad.

Pero, por otra parte, no hay literatura inocente y la mía, aunque no me proponga defender una tesis que pudiera enunciar previamente, tiene también su carga. Yo miro con simpatía los personajes marginales, quizá porque yo no he conseguido serlo. No están tan sujetos a convencionalismos y pueden ir con la verdad por delante porque no tienen nada que perder. Lo que no significa que yo crea que ellos son los buenos de la película. En lo que voy escribiendo creo que hay suficiente ironía como para no trazar fácilmente la frontera de buenos y malos; y no trazarla tampoco a favor de aquellos a los que nuestra sociedad maniquea considera como malos, como si yo pretendiera una inversión mecánica.

Me gusta resaltar el coraje, el desprendimiento, la rotura de barreras entre las personas, cierta alegría pero no ajena a la dura realidad, que es a veces cruel. Pien-

so en Juanito Fuele, en el Tieso de **Una casa a la deriva**, e incluso en los dos personajes paralelos de **El boquete**.

Esa es mi pretensión aunque tal vez no lo he logrado porque las personas que hacen listas de libros en los que hay tales o cuales valores no lo han advertido; de hecho mis libros no suelen aparecer en estas listas.

P.—¿Tú crees que en toda obra dirigida a los críos, sea del tipo que sea, hay una clara intención didáctica? ¿Pueden convivir tintes didácticos y meramente divertidos?

R.—¡Con la didáctica hemos topado! Lo didáctico y el no saber mirar por encima de la tapia de lo que se hace en nuestra propia lengua han sido dos grandes handicaps para que se desarrollara aquí esta literatura. A mi modo de ver, eso es claro. Pero eso no nos autoriza a deducir que la garantía de que un texto es bueno es que huya de lo didáctico. De que un texto tenga cierta intención didáctica no podemos hacer un "tabú".

Puede haber un texto divertido y auténticamente bello que "enseñe" algo, aunque lejos de mí es afirmar que una narración para chicos ha de ser un texto escolar, un tratado de moral, aunque sea más o menos laica, o algo por el estilo. Porque ¿quién no quiere "enseñar" nada, comunicar nada, cuando escribe? Yo, al menos, quiero decir algo, no pretendo formular una bla-bla, ni que sea con buena solfa.

P.—Leí en alguna parte —creo que fue en "Quimera"— unas interesantísimas manifestaciones de la profesora estadounidense Margaret Kimmel, en las que venía diciendo más o menos, que la literatura infantil actual estaba enfocada hacia niños con muchas horas de audiencia televisiva. ¿Destaca algo de esto? ¿Se estará perdiendo esas capacidades descriptivas e imaginativas que tuvo la literatura?

R.—Tal vez sí. Más en autores americanos o ingleses que entre nosotros. Los que escribimos aquí, sobre todo los que "ganan premios", vienen de la literatura y van a la literatura. Por eso tal vez tenemos cierta dificultad de contactar con el lector que lleva muchas horas de la narrativa visual de la televisión. Aquí hay un reto que uno no sabe como resolver cuando se sienta a la máquina de escribir con el folio en blanco: por una parte, llegar al lector, tener tanto gancho como la "caja tonta", y, por otro, no ceder rebajando el nivel literario.

Sin embargo, sí creo que es verdad que los autores españoles aún tenemos que abordar muchos temas que no hemos abordado por esa especie de purismo de "lo literario" o por cierto pudor para abordar algunos temas tratándose de literatura para chicos. En eso sí que tenemos desfase respecto al niño televisivo que lo ve todo; al sustraerle ciertos temas en la literatura, supongo que el niño tiene la sensación de que le hacemos un fraude y entonces le ofrece más credibilidad la televisión, que le cuenta todo.

P.—Termino, Jesús. Háblame un poco de prensa juvenil ¿Cómo viven las revistas de este tipo en España? ¿Son útiles? ¿Dónde está su utilidad?

R.—¿La prensa juvenil? ¡Ja! Las revistas juveniles lo tienen mal en este país. ¡Y así les va después a los periódicos! No se crean hábitos de leer información, porque las únicas "revistas" que han funcionando han sido los tebeos de Bruguera, y después cuesta más leer el periódico. ¿Para qué leer prensa si ya lo dice todo el Telediario? ¿Qué utilidad les veo a las revistas? Abre el mundo mental de los chicos a muchos intereses, les ofrece informaciones a su nivel facilitando los conocimientos previos, las referencias suficientes para que lo que es "noticia" sea inteligible para ellos... Yo he visto el proceso de maduración de muchos lectores a través de la revista J-20.

Campo de Granada

Columpios

MANUEL BRAGADO

E por todos coñecida a falla endémica de zonas verdes e de lecer na cidade de Vigo. O seu medre desordenado e irracional á práctica desaparición os espazos que noutrora eran utilizados polos pequenos para dar conta das súas necesidades lúdicas e de movemento.

Nunha cidade como nesta na que o espazo urbano ten un grar valor de cambio, e na que nor existe sólo para equipamentos comunitarios, artellar pequenas zonas de xogo para os nenos constitúe un mal menor, que pode paliar las necesidades dun tercio da poboación, que ten menos de catorce anos.

Cecais poida ser esta unha das razóns que levou ó Concello de Vigo a ciscar arreo, por canto recuncho atopou valeiro, "sui generis" zonas de xogo, en base a colocar nelas columpios e canastras de baloncesto, que nestes momentos constitúen unha enseña da cidade, tan característica como o propio olivo.

Mais tal como están "deseñadas", isto é un dicir, estas zonas contradin os principios fundamentais, que á hora de arranxar estes espazos, obsérvanse noutros lugares: flexibilidade, diversidade, incompatibilidade e seguridade.

Os pequenos cidadáns vigueses só teñen a posibilidade de ocuparse nun abaneo continuo ou en tratar de emular ó Fernando Martín. Non se contemplan, nestas zonas, outros equipamentos que lles permitan ocuparse en actividades diversas. ¿Onde están os elementos para gabear, saltar, pendurarse, ou ter momentos de intimidade en currunchos acolledores?

Por se fora pouco os columpios non cumpren os requisitos mínimos de seguridade activa: falla de anclaxes, colocación sobre pavimento duro, construción en materiais metálicos que non amortecerían un impacto imprevisto, ubicación inaxiteada, son algunhas das condicións destes elementos, que con tales características están prohibidos en países como Suecia.

O "deseño" destas mini-zonas non ten en conta as diferentes idades dos rapaces, penalizando sensiblemente o xogo dos máis pequenos. Os xogos de baixa actividade motriz, característicos dos máis pequenos, nos que poden estar en contacto directo coa auga, terra ou area, elementos que constitúen o "caldo da cultura vital" dos picariños, non se poden realizar por estar ubicadas as zonas sobre unha topografía agresiva de asfalto e loseta tricolor.

Fallan na cidade zonas cun deseño racional, onde con evlementos polivalentes e alternativas, os nenos de diferentes idades, sin interferirse, poidan segundo as súas necesidades adicarse ás actividades que máis lles prazan. Por riba, entornos naturais, como certos xardíns urbanos, son reordenados de forma inaxiteada. Tampouco conta a cidade cun parque central en boas condicións, mesmo parece que se desbotou a idea de acomete-la reforma do parque infantil do Castro, que fora encargada a un técnico.

Cremos que os cidadáns vigueses do ano 2.000 merecen algo, mais e mellor do que actualmente desde o Concello se lles ofrece, con moi pouca imaxinación ef cun pírrico desembolso económico, que máis parece obedecer a mitiga-la súa mala conciencia que para satisfacer las necesidades de xogo dos rapaces. Lembrámoslle ós nosos municipios que para os nenos non sirve calquera cousa, para eles só serve o mellor.

Estos son los números de hoy

Estos son los números, extraídos ante Notario, correspondientes al día de hoy del GRAN FAROJUEGO de FARO DE VIGO.

Compruebe si coinciden con los de su cartón. Si es así, recórtelos y péguelos en el recuadro correspondiente.

Animo, hay un millón y medio esperándole.

56

4.ª semana

62

4.ª semana

11

4.ª semana

13

4.ª semana

68

4.ª semana

25

4.ª semana

69

4.ª semana

FARO DE VIGO

Participe en el juego de moda

GRAN FAROJUEGO

Gane un millón y medio
cada semana con

FARO DE VIGO

Todos los ganadores
tienen premio

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

